



Isabel Boullón, esquerda, Zulueta de Haz, Rosario Álvarez e Monteagudo na presentación onte do Foro no Consello da Cultura

# A lingua galega fixa en 1228 o documento escrito máis antigo


**ACHADO CAPITAL** ► Monteagudo rescata o 'Foro do burgo do bo Castro Caldelas', un texto de estatus diplomático e único exemplo conservado de privilexio real en galego ► Até agora o orixinal fora datado erroneamente no ano 1250

REDACCIÓN • SANTIAGO

O coordinador da Sección de Lingua e vicepresidente do Consello da Cultura Galega (CCG), Henrique Monteagudo, presentou onte na sede da institución o documento máis antigo escrito en idioma galego en Galicia que se coñece ata o momento. Trátase do 'Foro do bo burgo do Castro Caldelas' (Ourense), dado polo rei Afonso IX en Allariz en abril de 1228 e que actualmente se conserva nos Arquivos dos Duques de Alba en Madrid. O documento é unha actualización escrita en galego do texto en latín do foro feito en 1172 polo rei Fernando II de León e a raíña dona Urraca.

Monteagudo explicou que se trata dunha peza absolutamente singular. En primeiro lugar, pola data, 1228, que o converte no texto datado e escrito en galego máis antigo dos producidos en Galicia. En segundo lugar, polo seu status diplomático, pois trátase dun privilexio rodado, o tipo de documento máis solemne dos producidos polas chancelarías reais da Península nese tempo.

Constitúe o único exemplo de privilexio real en galego en toda a nosa historia e, que se coñeza, o único diploma en romance saído da chancelaría de Afonso IX,



Imaxe do que xa é documento escrito máis antigo en galego

o último monarca privativo de León-Galicia.

O texto do 'Foro do bo burgo do Castro Caldelas' era xa coñecido, pois fora publicado nun inventario pola Duquesa de Alba en 1896, e a partir de aí reproducido en varias ocasións.

Andrés Martínez Salazar incluíuno no seu volume *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI* (1911). No entanto, Martínez Salazar considerou erroneamente que a data do foro era máis tardía da que aparece indicada no propio documento, e situouno despois do ano 1250. Este malentendido, explica Monteagudo, é lóxico porque Salazar non chegou a ver o documento orixinal e a aparición dun documento oficial datado en 1228 es-

## ! A CLAVE

### Un posible foco de controversia

► O lingüista Henrique Monteagudo non negou a "controversia" que pode xerar esta achado, xa que recoñeceu que el mesmo e o seu equipo tiveron que "convencerse" de que este documento, datado en 1228 "é o que é" ■

crito en galego, cunha ortografía asombrosa e da máxima categoría diplomática resultaba difícil de crer.

### Simposio do ILG

O coordinador da Sección de Lingua sinala que o achado deste documento produciuse no marco da próxima celebración do Simposio *A emerxencia do galego escrito*. Os organizadores, o Consello da Cultura Galega e o Instituto da Lingua Galega, propuxéronse realizar un apéndice para o encontro cos documentos máis antigos coñecidos en galego. Foi entón cando revisando a información existente, se decataron que o 'Foro do bo burgo do Castro Caldelas', polas súas características, era realmente de 1228, a data que aparece sinalada no propio documento.

Tras a comprobación dos da-

O seu descubridor asegura que xa non hai dúbidas da importancia que ten este documento

tos históricos que aparecen no texto, dos asinantes e do selo do rei e despois de acudir a cotexar o orixinal no Arquivo da Casa de Alba, Monteagudo destaca que xa non hai dúbidas da importancia do documento, "a pesar da resistencia, como investigadores, a entusiasmarse nun primeiro momento".

Monteagudo explica que a existencia deste documento en galego enmárcase dentro dunha lóxica, "pois trátase dun foro, un documento que afectaba directamente ao pobo e que polo tanto era necesario que entendesen, feito en Allariz, lugar de residencia temporal da corte de Afonso IX, e escrito por un notario local que polo tanto coñecía o idioma".

### Un achado decisivo

O presidente do CCG, Alfonso Zulueta de Haz, salientou na presentación do documento que este achado "é moi interesante e decisivo para a cultura galega e a nosa lingua" e agradeceu especialmente ao Arquivo dos Duques de Alba, e concretamente ao seu arquivista, José Manuel Calderón, todas as facilidades e a axuda prestada.

O 'Foro' será analizado no Simposio que o CCG e o ILG celebrarán en novembro co título *A emerxencia do galego escrito*. Neste encontro, destacados expertos en lingua, literatura e historia farán unha revisión e actualización do florecemento das linguas romances, especialmente do galego, no XII e XIII.

A directora do ILG, Rosario Álvarez, e a coordinadora do Simposio, Ana Isabel Boullón, explicaron que o obxectivo é abordar o estado da cuestión sobre o nacemento das linguas romances e avanzar significativamente neste ámbito.